



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL (XERA) E O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE RENOVABLES TÉRMICAS COFINANCIADO CON FONDOS FEDER NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, Ángel Bernardo Tahoces, en nome e representación do Instituto Enerxético de Galicia, con domicilio na rúa Avelino Pousa Antelo, nº 5 (15703 Santiago de Compostela) e na súa calidade de director deste, cargo para o que foi nomeado polo Decreto 235/2012, do 5 de decembro, facendo uso das facultades do seu cargo e das que lle foron conferidas en virtude das atribucións que lle confire a Resolución do 10 de marzo de 2017 pola que se delegan competencias atribuídas á persoa titular da Presidencia da axencia INEGA (DOG núm. 60, do 27 de marzo).

Doutra parte, D. Francisco José Conde López, Conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia e Presidente da Axencia Galega da Industria Forestal (en diante, XERA), con domicilio na Avda. Fernando de Casas Novoa, 38 San Lázaro, 15707 Santiago de Compostela, que actúa como presidente da citada Axencia de acordo co establecido polo Decreto 81/2017, do 3 de Agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen coa capacidade legal necesaria para o outorgamento deste convenio e para o efecto

EXPOÑEN

Primeiro. Que o INEGA é unha entidade instrumental do sector público autonómico con personalidade xurídica e patrimonio de seu para o cumprimento dos seus fins, que se constitúe en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo, entre os seus fins están "o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos dos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do goberno no ámbito das súas competencias".



Que para o exercicio axeitado das súas funcións, o INEGA pode establecer convenios e contratos con institucións públicas ou privadas, así como colaborar con outras Administracións para favorecer a adopción de medidas de aforro, de racionalización na produción, distribución e subministración de enerxía (art. 5 da Lei 3/1999).

Segundo.- Que XERA é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia que ten como finalidade actuar como un instrumento de xestión eficiente no exercicio de funcións relacionadas co impulso da actividade económica asociada á industria forestal, coa mellora da competitividade e da innovación das empresas do sector e coa coordinación dos centros de investigación e tecnolóxicos vinculados á industria forestal.

Terceiro. Con data do 13 de novembro de 2015 o Consello do Goberno Galego aprobou a Estratexia de aforro e eficiencia enerxética no sector público autonómico de Galicia 2015-2020, co obxecto de planificar, xestionar e avaliar de xeito integral o conxunto de actuacións a levar a cabo neste período.

Esta iniciativa enmarcase dentro da Estratexia integral de impulso a biomasa forestal 2014-2020, aprobada polo Consello de Goberno Galego, na súa xuntanza de 17 de xullo de 2014, e mediante a cal se pretende fomentar a utilización da biomasa con fins enerxéticos, o que conleva toda unha serie de vantaxes tanto sociais, coma ambientais, económicas e enerxéticas, pois a biomasa é unha enerxía renovable cun reducido impacto ambiental que polo seu carácter de recurso autóctono favorece, dentro do campo enerxético, o autoabastecemento e a seguridade da subministración.

O obxecto principal desta estratexia de acción integral da biomasa en Galicia durante o período 2014-2020 é xerar valor e emprego en todo o ciclo produtivo da biomasa en Galicia. Vai dirixida a toda a cadea de valor da biomasa térmica: propietarios dos montes, axentes da actividade económica (Cadea de distribución e transformación, instaladores de caldeiras térmicas) e axentes sociais (familias, tecido empresarial e administracións públicas) Preténdese garantir ao máximo aproveitamento enerxético do combustible e minimizar as emisións de substancias contaminantes á atmosfera, os equipos de xeración de calor serán instalacións con avanzadas prestacións operativas, con elevados niveis de eficiencia enerxética e cun bo comportamento con respecto ao medio ambiente.

Os obxectivos a alcanzar no 2020 co desenvolvemento desta estratexia son: conseguir un aforro económico anual na compra de combustibles fósiles de 70 millóns de euros, mobilizar un investimento asociado en torno aos 450 millóns de euros, xerar máis de 1.000 novos postos de traballo, valorizar 275.000 t/ano de biomasa, e evitar a emisión á atmosfera de 246.000 toneladas de CO₂ ao ano.



O INEGA participa neste proxecto por tratarse de actuacións desenvolvidas pola Xunta de Galicia encadradas na actuación 4.1.2.2 – Fomento das actividades asociadas ao ciclo de aproveitamento da biomasa térmica e outras tecnoloxías renovables na administración xeral da comunidade autónoma e no sector público autonómico, do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

O financiamento deste proxecto farase con fondos comunitarios do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 nun 80%.

Cuarto.- As actuacións contempladas no presente acordo de colaboración axustaranse en todo momento ao establecido no *Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020* e a normativa autonómica, estatal e da Unión Europea que regula este tipo de investimentos, dentro da que se atopa o *Regulamento 1303/2013, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca*, que establece as normas comúns aplicables á totalidade dos fondos anteriores, denominados **Fondos Estruturais e de Investimento Europeos**.

O emprego dos fondos para cofinanciar as actuacións contempladas neste acordo tamén se axustarán á normativa específica recollida no *Regulamento 1301/2013, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego*.

Quinto.- A XERA está interesada en potenciar o aforro e na eficiencia enerxética e o uso das renovables co obxectivo de reducir o consumo de enerxía e a factura enerxética no seu edificio.

Ambas as dúas partes, conscientes da necesidade de que se promovan accións relacionadas coa eficiencia e aforro enerxético e o desenvolvemento das enerxías renovables nos centros pertencentes a administración pública, e dado o interese mutuo entre as partes, acordan asinar o presente acordo de coordinación conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre o INEGA e XERA para impulsar as enerxías renovables térmicas.



SEGUNDA.- COMPROMISOS DE XERA

1. Executar as actuacións das que é obxecto este convenio e que se desenvolverán no edificio da Axencia en San Lázaro sito na Avda. Fernando de Casas Novoa, 38, 15707 Santiago de Compostela. Trátase de actuacións en materia de renovables e van consistir na instalación de sistemas de xeración térmica a partir de biomasa e aerotermia, co fin de dar servizo de calefacción e/ou auga quente sanitaria a estes centros.

2. XERA deberá comunicar á comisión de seguimento a data de inicio do procedemento administrativo necesario para a contratación das instalacións previstas. Esta contratación poderá realizarse a través de calquera tipo contractual válido dos delimitados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. A todos os efectos entenderase como data de inicio do procedemento administrativo para a contratación dos servizos enerxéticos, a data da publicación da licitación no Diario Oficial da Unión Europea. No caso de que o procedemento de contratación non esixira esta publicación, esta circunstancia deberá acreditarse ao INEGA e acompañarse da documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos de publicidade recollidos na lei de contratos.

3. Cumprir cos requisitos que se especifican no Código Técnico da Edificación (CTE), aprobado por Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, co Regulamento de instalacións térmicas de edificios (RITE) aprobado por Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo e demais normativa de aplicación na execución do proxecto.

4. Someterse ás actuacións de comprobación que se efectuasen polo INEGA, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, nomeadamente a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, as comprobación e verificacións a realizar polo Organismo Intermedio, a Autoridade de Xestión e a Autoridade de Control, e, no seu caso, polos órganos de Control da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo e outras instancias de control, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Ademais, e posto que o proxecto está cofinanciado con fondos comunitarios do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, someterase as verificacións que levará a cabo a autoridade de xestión sobre a base do disposto nos apartados 4 e 5 do artigo 125 do Regulamento (CE) núm.1303/2013, polo que se fixan as disposicións comúns relativas ao Feder, FSE e ao Fondo de Cohesión (DOUE L 347 do 20.12.2013) así como ás comprobacións pertinentes dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeos.

5. Manter o investimento de que se trate para a finalidade e co carácter solicitado por un período mínimo de cinco anos unha vez rematado o proxecto, previsión que para o



suposto de cofinanciamento con fondos comunitarios está recollida no artigo 71 do Regulamento (CE) núm. 1303/2013.

6. Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado que facilite unha pista de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes cos investimentos realizados ao abeiro desta axuda e conservar a documentación xustificativa relativa aos gastos financiados durante un prazo de tres anos no caso de operacións cun gasto subvencionable inferior a un 1.000.000€ a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas nas cales estean incluídos os gastos da operación.

7. Conservar a documentación administrativa relacionada coas actuacións obxecto do presente convenio que, dada a súa natureza, lle corresponda custodiar, nos termos e prazos previstos no Regulamento (CE) núm. 1303/2013.

8. O tratarse dun proxecto cofinanciados con fondos estruturais da Unión Europea, en relación á publicidade do financiamento e de conformidade co previsto no anexo XII, apartado 2.2, do Regulamento (UE) nº 1303/2013, o beneficiario deberá:

a. En todas as medidas de información e comunicación que leve a cabo, o beneficiario deberá recoñecer o apoio do INEGA, da Xunta de Galicia e do Feder ao proxecto incluíndo a imaxe institucional do INEGA e a Xunta de Galicia e mostrando o emblema da Unión, así como unha referencia á Unión Europea, e unha referencia ao Fondo, que dá apoio á operación, o lema do Fondo “Unha maneira de facer Europa”.

b. Durante a realización do proxecto, e durante o período de duración dos compromisos de mantemento do investimento, o beneficiario informará ao público do apoio obtido do INEGA, Xunta de Galicia e Feder: a) facendo unha breve descrición no seu sitio de internet, no caso de que dispoña de un, da operación, de maneira proporcional ao nivel de apoio prestado, cos seus obxectivos e resultados, e destacando o apoio financeiro da Unión. b) colocando nun prazo de tres meses a partir da conclusión da operación, polo menos un cartel con información sobre o proxecto (de un tamaño mínimo A3), no que mencionará a axuda financeira da Unión, nun lugar ben visible para o público, por exemplo na entrada dun edificio.

9. Achegar os documentos que acrediten a execución do investimento, así como os informes e demais documentos que poidan ser esixidos polo INEGA.

10. Posto que o proxecto leva cofinanciación comunitaria o beneficiario aceptará a súa inclusión na lista de operacións á que fai referencia o artigo 115, apartado 2, e co contido previsto no Anexo XII, do Regulamento (UE) nº 1303/2013.

**TERCEIRA. COMPROMISOS DO INEGA**

1. Achegar 240.000 euros para a implantación do sistema de caldeira (as) de biomasa e instalación de aerotermia nos centros seleccionados.
2. Asesorar a Axencia nos aspectos técnicos e xurídicos necesarios para a licitación dun sistema de xeración térmica a partir da biomasa e aerotermia que se implantará no centro co fin de dar enerxía a este edificio.

CUARTA. FINANCIACIÓN

Nos orzamentos para o ano 2018 e 2019 da XERA e do INEGA, existe dispoñibilidade económica axeitada e suficiente para facer fronte as actuacións establecidas neste acordo, sendo as aportacións e as anualidades asumidas por cada unha das partes as que se reflicten no seguinte cadro:

	Aportación	2018	2019	TOTAL	Aplicación orzamentaria
XERA	20%	2.000,00	58.000,00	60.000,00	09.A4.741A.623.0
INEGA	80%	8.000,00	232.000,00	240.000,00	09.A2.733A.732.16
Totales	100%	10.000,00	290.000,00	300.000,00	

Con carácter previo ao inicio dos expedientes de contratación acreditarase a plena dispoñibilidade das cantidades que alcanzará a Consellería, mediante a incorporación deste convenio formalizado e certificado de existencia e retención de crédito correspondente na aplicación dos orzamentos de gastos.

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1. A XERA facilitará ao INEGA a efectos de xustificación a seguinte documentación:
 - a) Publicación da licitación no Diario Oficial da Unión Europea ou no que fora de aplicación.
 - b) As condicións de adxudicación definitiva do expediente de contratación, no prazo de 15 días desde a data de formalización do contrato co adxudicatario, mediante certificado



da XERA que reflecta o importe do investimento elixible de enerxías renovables (de xeración térmica) previstas no contrato.

c) Copia do expediente de contratación completo que tramite a Axencia Galega da Industria Forestal para levar a cabo as actuacións incluídas no presente convenio.

d) Unha vez adxudicada a obra remitirá ao INEGA un certificado no que se establezan as condicións de execución finais do proxecto que reflecta o importe final do investimento elixible na implantación dos sistemas renovables térmicos de caldeira (as) de biomasa.

2. O INEGA levará a cabo a comprobación da execución dos investimentos que se realicen, debendo proceder a asignar os medios materiais e humanos necesarios para o seu desenvolvemento.

3. O INEGA resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa, en relación coa xustificación do cumprimento do obxecto do co convenio.

4. O INEGA efectuará o libramento dos fondos á XERA atendendo ás certificacións de gastos presentadas por esta.

SEXTA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

A comisión mixta de seguimento, integrada por dous representantes de XERA e por dous representantes do INEGA, é o órgano de seguimento e resolución dos posibles conflitos que puidesen xurdir durante a vixencia do presente acordo.

As actuacións obxecto deste acordo e os centros nos que se van a realizar as actuacións poderanse modificar a proposta da comisión mixta de seguimento, requirindo acordo expreso das partes e tendo que formalizarse a través da correspondente addenda. Teranse que respectar, en todo caso, as contías económicas máximas das axudas e o orzamento máximo que se indica na cláusula cuarta.

A comisión de seguimento reunirse en sesión constitutiva no prazo dun mes desde a sinatura do convenio e poderá reunirse cantas veces o solicite unha das partes. En todo caso reunirse como mínimo dúas veces durante a vixencia do convenio.

SÉTIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente acordo:

- Transcurso do prazo de vixencia establecido sen que se leve a cabo o obxecto do mesmo.
- Mutuo acordo entre as partes.
- A imposibilidade sobrevida para o seu cumprimento.



- A denuncia motivada de calquera das partes formulada cunha antelación de dous meses; neste caso, a parte que materialice a denuncia unilateral do acordo asumirá os custes que desta se desprendan en relación cos traballos xa executados e as indemnizacións que se poidan deducir dos expedientes de contratación tramitados.
- A denuncia motivada dunha das partes por incumprimento total ou parcial pola outra parte das obrigas asumidas en virtude deste acordo.

En calquera suposto de resolución anticipada do acordo, as partes comprométense a continualo ata o remate das actividades en curso.

A liquidación das obrigas en caso de resolución anticipada realizarase mediante prorratio dos custos entre as partes, ata o límite das contías económicas máximas respectivamente comprometidas polas mesmas.

OITAVA.- PROTECCIÓN DE DATOS

As partes están obrigadas a cumprir coas normas sobre a protección de datos, concretamente o que establece o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/45/CE.

NOVENA.- RÉXIME XURÍDICO E RESOLUCIÓN DE CONFLITOS.

Este acordo de colaboración ten natureza administrativa, e rexerase pola Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público, pola Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público e demais normativa de aplicación.

As discrepancias que poidan xurdir resolveranse nos termos previstos no artigo 14 da lei 14/2013, do 26 de decembro de racionalización do sector público autonómico e no artigo 13 da lei 16/2010, do 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para os conflitos de atribucións.

DÉCIMA.- VIXENCIA

A vixencia deste convenio será desde o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019, sen prexuízo da vixencia das obrigas derivadas de regulamentos comunitarios, podendo prorrogarse por acordo das partes.

Continuarase coa execución, ata a súa conclusión, das actuacións que se atopen iniciadas na data de fin de vixencia do convenio.



DÉCIMO PRIMEIRA.- CONCORRENCIA DE FINANCIAMENTO

O importe das cantidades recibidas polo obxecto deste convenio non poderá en ningún caso ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administración públicas ou doutros entes públicos ou privados supere o custo da actividade a desenvolver.

Non obstante, e de acordo co establecido no artigo 65.11 do Regulamento (UE) 1303/2013, modificado polo Regulamento Ómnibus (2018/1046), unha operación poderá recibir axuda de un ou varios Fondos EIE ou de un ou varios programas e doutros instrumentos da Unión, a condición de que o gasto declarado na solicitude de pagamento correspondente a un dos Fondos EIE non se declare para solicitar axuda de outro Fondo ou instrumento da Unión, ou axuda do mesmo Fondo no marco dun programa distinto. O importe do gasto que deberá consignarse na solicitude de pagamento dun Fondo EIE pode ser calculado para cada Fondo EIE e para o programa ou programas de que se trate a prorrata, de conformidade co documento no que se establezan as condicións da axuda.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFORMACIÓN PÚBLICA

En canto á publicidade, procederase de conformidade co mandato da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asumen o compromiso de se citar mutuamente como participantes do proxecto. Deste xeito deberase incluír en toda a documentación (técnica, administrativa, de promoción, difusión ou publicitaria ben sexa en soporte papel, electrónico ou audiovisual), e sobre os activos materiais dos proxectos de aforro e eficiencia enerxética e de aproveitamento de enerxías renovables, que polo tamaño, valor ou outra característica que razoablemente se considere relevante, executados con cargo aos fondos do presente convenio, segundo a lenda específica asociada ao financiamento con fondos FEDER, lenda que estará situada nun lugar destacado nos soportes antes mencionados, cuns tipos de letra iguais ou superiores aos do maior tamaño dos que acompañan no mesmo texto global.

E en proba de conformidade asínase o presente acordo por triplicado exemplar na data e lugar indicados no encabezamento.

O Presidente da Axencia Galega
da Industria Forestal

O Director do Instituto
Enerxético de Galicia



Francisco José Conde López

Ángel Bernardo Tahoces

ANEXO I

Relación dos centros e principais características dos proxectos

CENTRO	Potencia aprox.	Investimento con IVE*	Principais características dos equipamentos
Edificio XERA –San Lázaro	225	300.000,00 €	Potencia da caldeira en torno a 150 kW así como a construción dun silo e adaptación dos sistemas existentes aos novos equipamentos térmicos. Instalación dunha bomba de calor de aerotermia de potencia en torno aos 75 kW e os sistemas de distribución da Enerxía.

(*) Estímanse investimentos de 200.000 € para as instalacións de biomasa e 100.000 para aerotermia